



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de febreiro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catro de febreiro de dous mil trece.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Benjamin Rodríguez Rodríguez con DNI nº 76.706.181-P, con data RE 15 de xaneiro do 2013 N° RE 199, no que solicita “prórroga licenza concedida por Xunta Goberno Local de data 16 de xullo de 2012”.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda conceder unha prórroga para o inicio das obras ata o 19 de abril de 2013.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, con data RE 7 de febreiro de 2013 N° RE 591, relativa a sentenza do procedemento ordinario 224/2001.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

2. Comunicación do Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Sala de lo Contencioso-Administrativo Sección 04, con data RE 7 de febreiro de 2013 N° RE 593, relativa a sentenza do procedemento ordinario 15169/2010.
3. Comunicación da Consellería do Medio Rural e do Mar, con data RE 1 de febreiro de 2013 N° RE 506. relativa a que se efectúen as comprobacións e revisións precisas dos orzamentos dos proxectos.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE A DIRECCION XERAL DO CATASTRO DE ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS.-

De acordo co artigo 32.2 do Texto Refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA solicitar a Dirección Xeral do Catastro a aplicación aos valores catastrais dos bens inmoables urbanos do término municipal de Ribadavia, dos coeficientes que estableza ao efecto para o ano 2014, así como para anos sucesivos pola Lei de Presupostos Xerais do Estado, ata que a actualización dos valores catastrais do municipio se sitúen en entorno homogéneo do 50% con respecto o valor do mercado, previa apreciación polo Ministerio de Facenda e Administracions Públicas da concurrencia dos requisitos legalmente establecidos.

CONCESION DE SUBVENCION.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a Don Antonio Pérez Mein, coautor do libro denominado “Murgas e cancións dos Carnavais de Ribadavia ata 1936”, unha subvención por importe de 300 euros condicionada a entrega o Concello de trinta exemplares do referido libro, coa finalidade de colaborar cos autores do libro e contribuir deste xeito a posta en valor do Entroido neste Concello.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

